

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 715/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

- Resolución do Director Xeral de Agader de 9 de maio de 2018 pola que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro do Plan de Mellora de camiños Municipais 2019-2020 financiado con fondos da Consellería de Medio Rural, por importe de 47.670,28 € para realización da actuación “mellora de camiños municipais Cavada Nova (Riofrío) Graxal (Vilar) Saniñáns (Vilasobroso)” distribuída nas seguintes anualidades:
 - o 2019: 23.835,14 €
 - o 2020: 23.835,14 €
- Mediante Resolución de Alcaldía nº 611 de 12 de xullo de 2019 se aproba expediente de modificación de créditos nº 30/2019 correspondente á transferencia de crédito 06/2019, ascendendo dita modificación a un importe total de 5.005,38 € para cubrir a aportación municipal da subvención 2019 do Plan Marco de mellora de camiños municipais.
- Decreto de Alcaldía nº 691 de 2 de setembro de 2019 polo que se aproba o proxecto técnico denominado “mellora de camiños municipais Cavada Nova (Riofrío) Graxal (Vilar) Saniñáns (Vilasobroso)”.
- Acta de replanteo previo das obras asinado polo redactor do proxecto técnico o 3 de setembro de 2019.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Mellora de camiños municipais Cavada Nova (Riofrío) Graxal (Vilar) Saniñáns (Vilasobroso)			
Procedemento: aberto		Tramitación: urxente	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45233000	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 47.670,28 €		Impostos: 10.010,76	Total: 57.681,04
Valor estimado do contrato: 47.670,28 euros			
prazo execución: 1 mes			
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non

Visto informe de Intervención asinado o 5 de setembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 5 de setembro de 2019.

Tendo en conta os prazos para executar o investimento e xustificar as subvencións concedidas establecidos polas bases reguladoras das mesmas e atendendo ó prazo de execución previsto no proxecto técnico aprobado por Decreto de Alcaldía e de acordo co artigo 119 da LCSP resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interés público.



Concello de Mondariz

Visto informe do técnico redactor do proxecto de data 2 de agosto onde se establece a imposibilidade da adxudicación do contrato en lotes sen incurrir en maiores custos.

Visto que pola Intervención se ten certificado a existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o gasto correspondente á anualidade 2019 que comporta a celebración do contrato e informado sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto en data 19 de setembro de 2019.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación plurianual, mediante procedemento aberto tramitación urxente para a execución da obra “Mellora de camiños municipais Cavada Nova (Riofrío) Graxal (Vilar) Saniñáns (Vilasobroso)”, por importe total de 57.681,04 € (IVE incl.), convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2019 por importe máximo de 28.840,52 € e con cargo á aplicación orzamentaria 453.61902, e plurianual 2020, supeditado para este último exercicio á existencia de crédito adecuado e suficiente, con arreglo á seguinte distribución por anualidades:

2019: 28.840,52 €

2020: 28.840,52 €

A presente contratación está financiada nun 82,64 % por AGADER a través do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e servindo como prego de Prescricións Técnicas o proxecto técnico aprobado mediante decreto nº 691 de 2 de setembro así como o Anexo respecto do reparto por anualidades do proxecto, que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas/proxecto. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente	Dº Diego Lugalde López. Funcionario do Concello de Mondariz
Vogais	Dª Yolanda Ortega Otero. Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz. Dº José Javier Delgado Fernández. Técnico de Contabilidade.



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 3TS9FF2R2CD3CMRF6509KAZZ | Corrección: <http://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Concello de Mondariz

	D ^a M ^a Eugenia Rubianes González. Funcionaria do Concello de Mondariz.
Secretario	D ^o María del Carmen Blanco Fernández. Funcionaria do Concello de Mondariz.

En Mondariz a 19 de setembro de 2019, asinao o Sr. Alcalde do que como Secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 3TS9FF2R2CD3CMRF6509KAZZ | Corrección: <http://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3